



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARZÚA

Aprobación inicial do padrón fiscal da taxa pola entrada de vehículos a través de beirarrúas e por reserva de vía pública para aparcadoiro, carga e descarga de mercadorías do ano 2026

EDICTO

Por Resolución núm. 543/2026 da Concellería de Facenda do Concello de Arzúa de data 04 de agosto de 2026 aprobouse o padrón fiscal da taxa pola entrada de vehículos a través de beirarrúas e por reserva de vía pública para aparcadoiro, carga e descarga de mercadorías do ano 2026.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria aplicable á facenda das entidades locais en aplicación do disposto no artigo 12 do Real Decreto 2/2004 de 5 de marzo polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, quedan expostos ao público durante un prazo de QUINCE DÍAS hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do correspondente edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de edictos do Concello, prazo durante o cal o padrón estará a disposición dos interesados no Concello. De non presentarse ningún escrito de reclamación dentro de dito prazo o padrón quedará definitivamente aprobado. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

Contra as débedas consignadas nos padróns contributivos e notificadas colectivamente mediante o presente anuncio, as persoas interesadas poderán interpor os seguintes recursos:

Reposición, ante a Alcaldía deste Concello, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón. Este recurso entenderase rexeitado se ao transcorrer un mes desde a súa presentación non se resolve de maneira expresa.

Contencioso – administrativo, ante o xulgado do contencioso – administrativo, contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, tal e como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa.

Calquera outro recurso que as persoas interesadas consideren oportuno.

Arzúa, 06 de agosto de 2026

Asdo José Luis García López

1ª Tte. de Alcalde. Alcalde accidental do Concello de Arzúa.

2026/5244